

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE AGOSTO DE 2015.

ASISTENTES:

PresidentA:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

Dna. María Jesús Novo Gómez

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Carmen Gómez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:30 horas do día vinte e sete de agosto de 2015, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

o

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/07/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcadesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/07/2015.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL AUTORIZANDO NOVO USO DO AUTOBÚS SUBVENCIONADO POLO PROGRAMA LEADER

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada neste concello co nº 2075 en data 14/08/2015, en contestación á solicitude feita por este Concello con data 16 de xullo de 2015, en relación á posibilidade de utilizar o autobús subvencionado polo programa Leader nunhas condicións distintas das expresadas na resolución de axuda do expediente L11 41300 23 0019, autorízase ese novo uso tendo en conta que o autobús destinarase a cubrir outros servizos que presta o concello aos cidadáns dentro do seu ámbito de competencia.

O vehículo non poderá utilizarse para prestar servizos fora do territorio do concello nin para crear liñas regulares de transporte dos veciños.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2. CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)

Pola secretaria dáse conta de certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 2032 en data 10/08/2015 da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello correspondente ao 2º trimestre de 2015 pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia): 23.731,05 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.1.1.- ESCRITO PRESENTADO POR D. XESÚS SEOANE TABOADA SOLICITANDO QUE SE RETIRE UN POSTE DE ALUMEADO PÚBLICO.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por D. Xesús Seoane Taboada, con DNI núm. 33249313 e enderezo en Lg. Orros núm. 8, Andabao, 15816 Boimorto, rexistro de entrada no concello co nº 2091 con data 18/08/2015, por medio do que solicita que por parte do Concello de Boimorto se proceda a retirar un poste de alumeado público un par de metros cara ao interior da finca da súa propiedade para poder ampliar o camiño que conduce á casa e á explotación gandeira.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/s e acordan comunicarlle ao interesado que por parte do persoal de mantemento do Concello procederá á retirada do poste de alumeado público despois da data de celebración do Festival de la Luz.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA Á ASOCIACIÓN SCOUTS DE GALICIA PARA USO DO REFUXIO DE CAZADORES DE SENDELLE

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello 2024 en data 07/08/2015, na que D. Daniel Caramés Rodríguez en representación da asociación de tempo libre ASDE Scouts de Galicia, na solicita que durante os días 18, 19 e 20 de setembro se autorice unha acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle e utilizar dito refuxio para pernoctar.

Considerando que a parcela do refuxio e ben de natureza patrimonial titularidade municipal, tendo en conta as advertencias legais manifestadas verbalmente pola secretaria en relación ó necesario cumprimento e respecto do establecido no Real Decreto 143/2006, de 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia, advertencias sinaladas sobre requisitos de acampadas libres e itinerantes.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 408/2015 con data 17/08/2015 para concesión de toda clase de licenzas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.-Autorizar a ASDE Scouts de Galicia para a realización de acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle utilizando dito refuxio para pernoctar nos días 18, 19 e 20 de setembro de 2015 sometendo a autorización o cumprimento da normativa aplicable en materia de acampadas de turismo en Galicia así como o respecto da parcela e o uso da mesma deixándoa nas mesmas condicións de como se atope.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1946, con data 30/07/2015 presentada por D. Edelmiro Varela Ares con DNI 76503436P, con domicilio a efectos de notificación en rúa Roda número 8 do núcleo urbano de Boimorto, código postal 15817, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como no servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda do seu sogro D. Luís Vázquez Novo, sita no lugar de Rego do Seixo núm. 12, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Considerando que o interesado aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga e a ordenanza nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 98230809 e o recibo de recollida de lixo que figura a nome de D. Luís Vázquez Novo, correspondente ao inmovible sito no lugar de Rego do Seixo nº 12 da parroquia de Boimorto, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2015.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Rego do Seixo 12, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA O DÍA 28-08-2015

Vista a instancia de data 26/08/2015 co número de rexistro de entrada 2174, subscrita por D. Roberto Costoya Castelo, con DNI núm. 78798631-X, actuando en calidade de presidente do C.F. Boimorto, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 28 de agosto de 2015 en horario de 21:00 a 22:00 para celebración da asemblea xeral de socios.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura a D. Roberto Costoya Castelo, actuando en calidade de presidente do C.F. Boimorto o día 28 de agosto de 2015 en horario de 21:00 a 22:00 para celebración da asemblea xeral de socios.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo ao solicitante.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmovibles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 25 de agosto de 2015 (RE núm. 2170) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Ricardo Vázquez Fernández
DNI:	32276824G
Domicilio:	Lg. Pazo Guerras núm. 10 - Arceo - 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta dun alpendre anexo á vivenda, cunha superficie de 20 m ² , utilizando tella.
Situación:	Pazo Guerras - Arceo
Referencia catastral:	15010A507005770001KO
Orzamento de execución:	1.200,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural ordenanza expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Servizo de vías e obras da Deputación Provincial de data 10/08/2015
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 26 de agosto de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.200,00 €uros

Liquidación 2%: **24,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Ricardo Vázquez Fernández o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE VEHICULO 4X4 PARA O CONCELLO DE BOIMORTO. Expediente CSPNSP 4/2015

Visto o expediente relacionado co subministro subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local dentro da liña de subvencións de natureza competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, contemplada no artigo 3.1.b) da Orde do 24 de novembro de 2014, para dotación de vehículo 4x4 para o Concello de Boimorto, cun presuposto de execución por contrata de 30.922,58 €uros IVE incluído (25.555,85 €uros sen IVE + 5.366,73 €uros IVE do 21%).

Vista a providencia da Alcaldía de data 26/08/2015 iniciando o expediente de contratación do referido subministro.

Constando no expediente informe de intervención de data 26/08/2015 sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente e de existencia de crédito en relación a partida do orzamento municipal para a anualidade 2015 1720.N1.63400 Constando informe de secretaría de data 26/08/2015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP Rolex 3/2011, con fundamento da deterioración do existente (ao redor de vinte anos) para as tarefas de protección do medio ambiente e do espazo natural, incluídas aquelas actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro e risco.

Considerando a necesaria tramitación urxente desta contratación en aplicación do artigo 112 do TRLCSP 3/2011 motivada na necesidade de xustificar a subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local con data límite o 30 de setembro de 2015 e en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do subministro de vehículo 4x4 cun presuposto de execución por contrata de 30.922,58 €uros IVE incluído (25.555,85 €uros sen IVE + 5.366,73 €uros IVE do 21%) por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía do subministro e conforme ao pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que están no expediente e que se realizará por tramitación urxente ante a necesidade de xustificar a subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o Prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado do subministro sen publicidade, recollendo o cadro de características do contrato (anexo I) e os criterios de adxudicación concretando a súa baremación (anexo IV.II) no Prego de cláusulas administrativas particulares.

TERCEIRO.- Autorizar, pola contía de 30.922,58 €uros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida 1720.N1.63400 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2015.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar oferta a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo de contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas:

Roipesa Motor, S.L. CIF: B-36595858
Automóviles Antamotor, S.L. CIF: B70350004

Pombo Fadauto, S.L. CIF: B15771553

4.2.2.- ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA MELLORA DOS ACCESOS E DO VERTIDO DA DEPURADORA DE BOIMIL. EXPEDIENTE COPNSP 4/2015.

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no marco do POS 2015 Plan provincial de cooperación á obras e servizos de competencia municipal para financiar as obras incluídas no proxecto de “Mellora dos accesos e do vertido da depuradora de Boimil” (expte. COPNSP 4/2015), no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 384 de data 04/08/2015 a presentada por Construcciones González y González, S.L., en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<Decreto: 384 / 2015 Data decreto: 04/08/2015 Descripción decreto: Oferta económica máis ventaxosa da obra Mellora dos accesos e do vertido da depuradora de Boimil. Expediente COPNSP 4/2015.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no marco do POS 2015 Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para financiar as obras incluídas no proxecto de “Mellora dos accesos e do vertido da depuradora de Boimil” (expte. COPNSP 4/2015).

Aprobado dito expediente por Decreto 298/2015 ditado pola Alcaldía en data 29/06/2015, constando no expediente informe de data 29/06/2015 de Secretaría-Intervención en relación á aplicación orzamentaria municipal para a anualidade 2015 153.61900 cun orzamento de execución por contrata de 34.510,22 €uros IVE incluído (valor estimado 28.520,84 €uros máis 5.989,38 €uros en concepto de IVE de 21%).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/2015, onde se acorda remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B para emisión do informe técnico de valoración, informe que se emite con data 04/08/2015 e que se transcribe a valoración:

<<INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B-REFERENCIAS TÉCNICAS)

EMPRESA	CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L.	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	ANTONIO FILLOY, .S.A.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL			
A) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 0,50 puntos)	0,00	0,50	0,35
B) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 0,50 puntos)	0,10	0,50	0,35
C) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	0,00	3,00	0,00
	0,00	5,00	0,00
	0,00	4,50	0,00
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	0,00	10,00	0,00
B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO			
PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PLAZOS DE EXECUCIÓN (de 0 a 10 puntos)			
	1,00	8,00	1,00
SUMA TOTAL	1,10	31,50	1,70

Aperturados os sobre C que conteñen as ofertas económicas das tres empresas, en presenza da Alcaldía, compróbase que o licitador Construcciones Rocha Corral, S.L supera o presuposto máximo de licitación, polo que queda excluída do procedemento de adxudicación e as outras dúas empresas non realizan baixa quedando o importe de adxudicación en 34.510,22 €uros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica o seguinte resultado:

Puntuación sobre C Construcciones González y González, S.L. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Antonio Filloy, S. A. = 0 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Decreto da Alcaldía 298/2015, vista a valoración que consta en informe técnico de data 04/08/2015 por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A adxudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello e valorando a oferta económica a puntuación total que obtén cada licitador é a seguinte:

Total puntuación Construcciones González y González, S.L. = 31,50 puntos.

Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 1,70 puntos.

Tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e en aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992, avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por Decreto nº 286/2015 con data 25/06/2015, esta Alcaldía **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por **Construcciones González y González, S.L.** con CIF B15165004, para contratación da obra “Mellora dos accesos e do vertido da depuradora de Boimil” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 4/2015) a executar segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en novembro 2014 cun orzamento de execución segundo o prezo ofertado por Construcciones González y González, S.L. de 34.510,22 €uros (prezo sen iva = 28.520,84 € máis 5.989,38 € en concepto de IVE de 21%), obra a executar en 49 días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González, S.L. para que en aplicación do previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación xustificativa esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rixe a contratación, consistente en:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe de 1.426,01 €uros (5% **importe de adxudicación sen IVE**), por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- c) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Así mesmo, en aplicación do Anexo V do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares deberá acreditar ante o órgano de contratación posesión e validez dos documentos esixidos no sobre “A” cláusula 12 que inicialmente foi substituída por declaración responsable.

Advertíndolle que, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, enténdese que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas, tal e como prescribe o artigo 151.2, parágrafo final, TRLCSP.

Boimorto catro de agosto de dous mil quince

Perante min:

O Alcalde

A secretaria

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Resultando que a empresa Construcciones González y González, S.L., constituíu garantía definitiva por importe de 1.426,01 €uros mediante aval da entidade Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) NIF: V-15053754 inscrito no Rexistro especial de avais baixo o número 47.200 e presentou os documentos xustificativos esixidos.

De conformidade co establecido nos artigos 151.4, 154 e 156 do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas pola Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 408/2015 con data 17/08/2015, a Xunta de Goberno Local por unimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Construcciones González y González, S.L., CIF: B-15165004, con domicilio en Lugar A Tablilla - Bardaos, nave, s/n 15683 Tordoia, A Coruña a contratación convocada mediante procedemento negociado sen publicidade para a execución da obra Mellora dos accesos e do vertido da depuradora de Boimil COPNSP 4/2015 por importe de 34.510,22 €uros IVE incluído (prezo sen IVE = 28.520,84 €uros IVE = 5.989,38 €uros), obra que terá que executar no prazo de 49 días naturais, conforme ao disposto nos pregos que rexen a presente contratación, o proxecto de obra que consta no expediente e nos termos da súa oferta, considerada como a máis ventaxosa.

SEGUNDO.- Notificar esta adxudicación ó/s interesado/s indicando que o adxudicatario terá un prazo de quince días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación da adxudicación definitiva para a formalización do contrato en documento administrativo.

TERCEIRO.- Nomear como director da obra a D. Ángel Delgado Cid, colexiado nº 4.657.

CUARTO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, e tendo en conta o informe da secretaria-interventora, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
07/15-06/08/15	Multiservicios Cempes Miguel Fraga Dono / 78787497P	Copia chave baixo Concello brigada de incendios	3,00 €
A-V2015-00002505090-24/08/15	Mercadona S.A. / A-46103834	Xel de ducha usuarios da residencia e centro de día	18,75 €
2715200037-15/08/15	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital no mes de xullo 2015	10,71 €
T/2620-04/08/15	Xebre MM SC / J70438411	Mel para os residentes e usuarios da residencia e centro de día	19,00 €
58/2015-03/08/15	Blanco Pampín, S.C. / J70435714	Pack de actividades o día 02/08/15 con motivo da festa para todos na piscina municipal	1.160,00 €
000032-30/07/15	Carlota Álvarez Sesar / 45848453T	Servizo de podoloxía residencia, centro de día e servizos externos xullo 2015	574,00 €

62/15-26/08/15	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico urbanística agosto 2015	2.000,00 €
001450-31/07/15	Control de plagas Andrade, S.L. / B15989692	Cuota bimestral servizos de control de plagas e legionella nos centros municipais xullo 2015	686,83 €
A/017-2015-12/02/15	Galivalia Consulstgo, S.L. / B70241088	Elaboración, asistencia e asesoramento sobre organigrama e relación de postos de traballo para o Concello. Adx. Contrato menor Decreto 463 de 14/11/14	4.000,00 €
20-11/08/15	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970Y	Servizo perruquería centro residencial abril 2015	40,97 €
21-11/08/15		Servizo perruquería centro residencial maio 2015	50,97 €
22-11/08/15		Servizo perruquería centro residencial xuño 2015	38,97 €
23-11/08/15		Servizo perruquería centro residencial xullo 2015	64,95 €
3120245407-1/07/15	Serunión, S.A.U. / ESA59376574	Servizo de alimentación mes xullo 2015	5.549,17 €
0101-1500848-31/07/15	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B15467962	Recollida de residuos do 01/07/15 ao 31/07/15	95,36 €
06B/80-10/08/15	Coregal Parques e Xardins, S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes xuño 2015 (do 01/06/15 ao 19/06/15)	1.326,67 €
06B/81-10/08/15		Mantemento zonas verdes xuño 2015 (do 20/06/15 ao 30/06/15)	663,33 €
06B/76-30/07/15		Mantemento zonas verdes xullo 2015	1.990,00 €
28-H580-652177-01/08/15	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Teléfonos móbiles período 18/06/15-17/07/15	152,52 €
612-07/08/15	Ana García Pardo / 35462929-B	200 vinilos A6 e 30 impresión 1 cara a cor manifestación en defensa do sector lácteo	150,93 €
14/2015-01/08/15	Yolanda Díaz Romero / 79314297Q	Curso formación a brigada municipal para prevención e defensa contra incendios forestais	500,00 €
0001006-01/08/15	Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651	Mantemento programa residencia agosto 2015	59,29 €
438-31/07/15	Juan López Sánchez / 34258362 T	Escobilla vehículo matrícula C7737BJ	5,00 €
439-31/07/15		Gasolina para cortacésped	32,00 €
440-31/07/15		Gasolina para desbrozadora	94,00 €
437-31/07/15		Gasóleo automoción vehículo matrícula 5895GZW	30,00 €
110.169-31/07/15 110.521-31/07/15	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Material brigadas de incendios Peza recambio para máquina fregadora do polideportivo	415,37 € 60,50 €
2-12/08/15	Rubén López Blanco / 78800571H	Traballos de demolición do palco de Sendelle	381,15 €
0165/S15-13/08/15	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación autobús	447,17 €
B/781-30/06/15	Oscar Carreira García /	Material de limpeza para a resi-	

B/780-30/06/15	78796945A	dencia e centro de día Material de limpeza para o Concello	433,01 € 100,88 €
VI 6046-17/08/15	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. / B70055504	Recoñecemento médico persoal brigada de incendios primeira convocatoria. Adx. Contrato menor Decreto 345/2015	385,00 €
004485-31/07/15	Fernando J. Sánchez García / 76505509-B	Area e cemento para reparacións no campo de fútbol	81,01 €
